



AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 02-02-2026

TIPOLOXÍA: NEVARADAS

NIVEL DE ALERTA: AMARELO (AMPLIACIÓN)

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín n.º 76/71GAL, emitido o día 02/02/2026 ás 11:40 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso de nivel **AMARELO** por **NEVARADAS** nos ámbitos xeográficos de **OURENSE (Montaña)** para o día de hoxe luns 02/02/2026 a partir do mediodía, e para **LUGO (MONTAÑA)** para o día de mañá martes 03/02/2026 tamén a partir de mediodía.

A acumulación de neve en 24 horas en ambos ámbitos xeográficos, poderá superar os **5 cm a partir dos 1100-1200 metros na zona oriental**. Cota de neve en torno aos **1000 metros** con tendencia a alza. O aviso continuará ao día seguinte.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112.

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es